

PEQUENO HISTORIAL DA **AGRUPACIÓN ARTÍSTICA NAS ONDAS DO MAR**

Director: **Xosé Manuel Couce Fraguela**
Coordinador: **Pedro Xosé Branco Llano**
Núm. de Compoñentes: **38**
Madríña 2025: **M^a Carmen Ponce Orjales**

A Agrupación Artística NAS ONDAS DO MAR é a nova denominación da antiga rondalla fundada en 1986 por Xosé Manuel Couce Fraguela ao abeiro do Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol, cuxa inmensa maioría dos seus compoñentes, entre eles todos os membros fundadores que aínda quedaban, decidiron desvincularse da anterior sociedade en novembro de 2024 para tomar corpo como entidade xurídica propia (Asociación SONSDEVENTO), asumindo o mesmo estilo musical e recollendo a herdanza inmaterial do concepto de grupo musico-vocal que o seu fundador definiu ao longo de 35 anos. Cómpre recordar que dende os inicios a Agrupación propúxose enxalzar a canción ferrolá e a centenaria tradición da Noite das Pepitas, incorporando ao patrimonio musical da cidade novas obras en galego e castelán, froito da colaboración de recoñecidos compositores como o propio director Couce Fraguela, Xosé Luís Blanco Campaña, Javier Fernández Manso ou Lito Vieira e destacados poetas como Luís González Tosar, Salvador García-Bodaño, Pedro X. Brancollano, Alfredo Conde, Ramiro Fonte, Xavier Alcalá, Guillermo Ferrández Rivera, Xosémaría Pérez Parallé ou Enrique España, entre outros.

Un acervo musical que a Agrupación puxo en valor en máis de oitocentos concertos por Galicia, Asturias e Portugal, ademais de facer de embaixadores de Ferrol nas Palmas de Gran Canaria. Actuou en programas de TVG e TVE e fixo varias gravacións e audiovisuais propios, dende o primeiro disco CD da nosa música, *"Morriña"* (1993), até o último, *"Tradición y savia nueva 2010"*, onde se recolle una significativa mostra de seu repertorio.

O bo facer da Agrupación, a rigorosidade, a recoñecida traxectoria e a capacidade innovadora do seu director permitiulle acadar una respectabilidade por parte del público que atesoura como o más grande dos seus logros. E a decidida aposta polas composicións en galego para as Pepitas tamén abriu unha senda a seguir polas rondallas dedicadas á nosa festa local. Cancións como "Olliños de mel", a primeira habaneira en galego, ou o valse "Amada ausente", máis coñecida como "Nas ondas do mar", de camiño convertéronse en populares y hoxe son coreadas pola poboación ferrolá. Motivo polo cal escolleuse este verso para dar nome á nova Agrupación.

A innovación de Couce Fraguela viuse igualmente recoñecida na decidida aposta por adaptar para o grupo todo tipo de ritmos e estilos musicais: obras polifónicas e folclóricas galegas, pezas de ópera e zarzuela, folclore canario, caribeño e suramericano, cancións portuguesas, asturianas e vascas, boleros, tangos, espirituais negros, música lixeira, composicións populares e de autor ou música instrumental, que tamén contribuíron a converter a Agrupación nun referente á marxe da música ferrolá.

O grupo actuou conxuntamente, entre outros, coa Unidad de Música de la Guardia Real, de Madrid, co Real Coro Toxos e Froles ou coa Banda de Música Municipal de Ferrol. E aínda que non se presenta a concursos, é habitual que corresponda á chamada de festivais e eventos como grupo atracción invitado.

O 8 de decembro de 2016, a Agrupación celebrou o seu trixésimo aniversario cun magno festival "Trinta anos entre amigos" no Teatro Jofre gravado e emitido pola TVG, do que se fixo un DVD e no que participaron como colaboradores diferentes artistas ferroláns, poñendo en escena un sorprendente e novidoso repertorio de música internacional.

En 2021 foron invitados pola Rondalla Mayor de Costa Rica a integrarse na Organización Rondallas de América Latina e o 5 de novembro de 2022 participaron no III Festival Latinoamericano de Rondallas 2022 “Vive la Música”, representando a España.

Na actualidade volve estar dirixida polo seu fundador Xosé Manuel Couce Fraguela, logo dun paréntese de catro anos e despois de que o 16 de decembro de 2023 a Real Academia Galega de Belas Artes, en Sesión Plenaria, lle concedera a Medalla de Prata e Diploma “Marcial del Adalid”. Un dos máis grandes galardóns que pode acadar un músico en Galicia e o primeiro que se outorga a persoas ou entidades vinculadas coa Festa das Pepitas na súa centenaria historia. O que pon en valor e aporta un incuestionábel respaldo académico á música ferrolá, nun momento no que se está a traballar para acadar o recoñecemento de Festa de Interese Turístico Nacional, pero que no fondo recolle a homenaxe a Couce Fraguela por toda unha vida dedicada á música. Xa en 2009 fora homenaxeado polo Concello e as Rondallas de Ferrol como compositor histórico das Pepitas.